

CUESTIONARIO: O SECTOR SECUNDARIO

1.- A que se dedica o sector secundario? Indica as actividades económicas que se inclúen nel.

2.- Explica os tipos de produtos que se elaboran na industria.

3.- Cita os factores de produción da industria.

4.- En que consiste a produción de enerxía? Que tipos de centrais existen?

5.- Indica a orixe, usos, principais produtores, reservas e crítias do petróleo (na proba pode ser calquer outra fonte de enerxía tradicional, co mesmo enunciado).

6.- Explica a orixe, usos, principais produtores e problemas da enerxía solar (na proba pode ser calquer outra fonte de enerxía alternativa, co mesmo enunciado).

7.- a) Como poden ser as materias primas segundo a súa orixe. Exemplifícao.
b) Cales son os principais problemas das materias primas?

8.- Que tipos de industrias existen en canto á súa posición no proceso de produción? Explícaas (na proba pode variar o criterio de clasificación: peso da materia prima, tecnoloxía empregada ou tamaño).

9.- Como inflúen os seguintes factores na localización das industrias? (na proba haberá dous dos cinco que aparecen no esquema da páx. 161).

10.- Que áreas consideramos polos industriais históricos, países emerxentes e áreas menos industrializadas?

11.- Cales son os puntos positivos dos polos industriais históricos? E dos países emerxentes e das áreas menos industrializadas?